

Lotería de Nadal

IAGO RODRÍGUEZ
Santiago

O 22 de decembro é, ano tras ano, unha data marcada en vermello no calendario de todos os españois. Nesa xornada celébrase unha das tradicións máis arraigadas e emotivas do país, cuxos inicios se remontan a 1812: o Sorteo Extraordinario da Lotería de Nadal.

A ilusión de compartir un número con familiares, amigos ou compañeiros supera, en moitos casos, o propio desexo de gañar un premio millonario. O verdadeiro encanto deste sorteo reside nese sentimento colectivo de esperanza e boa sorte compartida.

Nesta edición repartiranse 2.772 millóns de euros en premios entre os 185 millóns de décimos emitidos. O cobizado “Gordo” —o soño de todos— entregará 4 millóns de euros por serie. Dende as 09.00 horas da mañá, moitos fogares e establecementos converteranse en pequenos templos da ilusión, onde mozos e maiores seguirán coa emoción de sempre a cantarela dos nenos de San Ildefonso, agardando que o seu número sexa o afortunado.

Mais este sorteo conta cun atractivo especial que o distingue de calquera outro: as famosas pedreas, pequenas alegrías que multiplican as posibilidades de obter un premio e enchen de ledicia a milleiros de fogares por todo o país. Así,

A tradición de cada 22 de decembro que une a un país

O verdadeiro valor do Sorteo Extraordinario do Nadal vai máis alá do económico ao ser un auténtico símbolo da esperanza compartida



Colas nunha Administración de Lotería para facerse cun décimo.

unha muller da Coruña pode celebrar ao mesmo tempo que un home de Sevilla, unidos ambos pola melodía inconfundible das voces infantís que anuncian os números premiados.

Un novo comezo

A Lotería de Nadal é moito máis ca un simple sorteo: é unha tradición que simboliza a esperanza colectiva e o desexo de comezar o novo ano con renovada ilusión.

Por iso, en pouco máis dun

No sorteo deste ano repartirase un total de 2.772 millóns de euros en premios

mes, os habitantes de todos os recunchos de España uniranse arredor dun mesmo soño: que a fortuna chame á súa porta, e que, polo menos por un intre, os desexos se fagan realidade. E, que mellor escenario para iso ca a compañía dos nosos seres queridos?

E, como vén sendo habitual, ao rematar o sorteo chegarán tamén as historias máis entrañables: bágoas de emoción, abrazos, choivas de champaña e celebracións únicas que dan forma a ese espírito tan especial que cada Nadal volve reunirnos arredor da sorte e da ilusión compartida.

Administración de loterías

O CONXURO DA MEIGHA

Bouza Martín, 27
BARRANTES - RIBADUMIA
jrloteriaribadumia@gmail.com
986 71 01 13 - 654 27 60 22

Ga Sóleos San Benito

¡Consigue ya tu décimo para la lotería de Navidad!

981 513 076
CASÓLEOS A DOMICILIO A, B, C
RODÍO - BOQUEIXÓN

Loterías y Apuestas del Estado
Punto de venta autorizado

Lotería Berenguela

Admón. N°8 - Santiago de Compostela

☎ 981 596 381

República de El Salvador, 22 Bajo • 15701 Santiago de Compostela (A Coruña)

✉ info@loteriaberenguela.es

🌐 www.loteriaberenguela.es

Lotería de Nadal

CEDIDA

A maxia e a fortuna compartida do sorteo máis especial

Agasallar billetes e mercar números concretos ano tras ano son costumes típicos desta cita

IAGO RODRÍGUEZ
Santiago

Un dos aspectos máis valiosos da Lotería de Nadal é o profundo sentido de comunidade que se xera ao seu redor. A compra e o intercambio de décimos convértese nun ritual colectivo no que amigos, familias e veciños unen lazos e comparten ilusións. Así, cada participación é tamén unha mostra de afecto e complicidade, unha pequena esperanza compartida que reforza vínculos e crea momentos inesquecibles.

As supersticións que non poden faltar o 22 de decembro

Este costume tan arraigado reflicte á perfección os valores de solidariedade e fraternidade que caracterizan ao pobo español. Máis aló do premio, o que realmente se celebra é a unión, o espírito de colaboración e esa vonta-

de común de crer, polo menos unha vez ao ano, que a sorte pode sorrirnos a todos.

Xunto con esta ilusión compartida, tamén cobran protagonismo as supersticións, parte inseparable da Lotería de Nadal. Son moitos os que escollen un número concreto confiando en que o destino lles sorría, e os moti-

Unha das tradicións máis curiosas é a de 'refregar' o décimo nun obxecto especial

vos son tan diversos coma entrañables: o ano de nacemento, a data dunha voda, o aniversario dun ser querido ou incluso o número que un día trouxo fortuna.

Outros prefiren deixar o azar en mans das administracións máis coñecidas da súa contorna, acudindo a elas pola súa reputación ou polos pre-



O día do Sorteo Extraordinario da Lotería de Nadal é unha xornada de brindes e celebración.

mios que repartiron en edicións anteriores. Para moitos xogadores, este xesto vai máis aló do simple feito de mercar un décimo: é un acto cheo de significado e esperanza.

Tampouco faltan quen decide apoiar os seus establecementos de confianza —o bar onde toman o café cada mañá, a papelería do barrio na que mercan o xornal ou a tenda da vi-

la—, coa ilusión de que a sorte se lembre tamén daqueles que forman parte da súa vida cotiá.

E, por suposto, non pode faltar unha das tradicións máis curiosas e estendidas: a de 'refregar' o décimo. Moitos participantes adoitan pasar o billete por enriba dun obxecto ou superficie considerada especial ou sagrada, coa esperanza de atraer a for-

tuna e que o Gordo chame á súa porta.

Sexa seguindo rituais moi meditados ou deixándose levar polo azar, todos comparten o mesmo soño: poder celebrar, o 22 de decembro, que a sorte estivo do seu lado e que, un ano máis, a ilusión da Lotería de Nadal volveu cumprir o seu cometido: unir as persoas a través da esperanza.

**EN NAVIDAD
CADA NÚMERO
ES UN SUEÑO**

Estanco - Loterías

CAMIÑO FRANCÉS
A SORTE DO CAMIÑO

ABRIMOS TODOS OS DÍAS

Artículos de fumador. Prensa/Revistas. Agasallos
Lambetadas. Bebidas frías. Snacks. Papelería
881972484 | 604039982

Avda do Camiño Francés, 4 Santiago de Compostela
(frente al C.C. As Cancelas)



**Loterías y Apuestas
del Estado**

LOTERÍAS PADRÓN
ADMINISTRACIÓN DE LOTERÍAS,
N.º 2

Plaza del Castro nº6 – Padrón

Teléfonos: 981 81 05 61 – 610 92 23 47



Duende Azul
agencias - kioscos - premios



Rúa das Concelleiras 11 29 • T. 981 570 551



GALERAS
Loterías del Estado

Administración de Loterías nº 12

Galeras nº 100 Bajo
Santiago de Compostela
Tif. 981 57 67 08

Don Manolito

ADMINISTRACIÓN DE LOTERÍAS N.º 16
SANTIAGO DE COMPOSTELA

☎ 881 088 693

☎ 682 705 307

✉ loteriasdonmanolito@gmail.com

📍 Avda. Camiño Francés, 3

www.loteriasdonmanolito.es

Escanea este QR y
compra lotería
desde nuestra web



¡A ver si suena la gaita!

